

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 30 DE OUTUBRO DE 2024.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as oito horas e cinco minutos do 30 de outubro de 2024 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP) Alcalde.
D^a MARILUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D FRANCISCO JAVIER POUSA CARRERA (PP).
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)
D JOSE IGNACIO GÓMEZ PEREZ (PSOE)
D LUIS GULÍN IGLESIAS (PSOE)
D XURXO GÓMEZ ALONSO (BNG)
D^a MARIA TERESA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ (BNG)
D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RENC)

Alcalde.- Boa tarde a todos e todas, á corporación e as persoas que nos acompañan. Imos dar comenzo á sesión ordinaria de 30 de outubro de 2024.

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS: ORDINARIA DE 22 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA DE 22 DE OUTUBRO DE 2024.

Non formulándose observacións, fican aprobadas.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 30 de setembro; unha, sobre concesión de vacacións, unha, sobre tarxeta de estacionamento mobilidade reducida; unha sobre licenza ou autorización urbanística; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras.

Do 1 de outubro; unha, sobre cambio de titularidade de licenza; unha, sobre concesión de licenza de vado; unha, sobre aboamentos

Do 2 de outubro; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras.

Do 3 de outubro; unha, sobre aboamentos; cinco, sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros; cinco, sobre fraccionamento de débeda tributaria.

Do 4 de outubro; unha, sobre denegación de asuntos propios; tres, sobre bonificación IVTM +25.

Do 5 de outubro; seis, sobre liquidación imposto de valor de terreos de natureza urbana.

Do 7 de outubro; unha, sobre adxudicación contrato subministración reforma biblioteca; unha, sobre adxudicación contrato reforma biblioteca; dúas, sobre devolución fianza poxa por venda forzosa; unha, sobre tarxeta de estacionamento mobilidade reducida; dúas, sobre concesión servizo de teleasistencia ou axuda a domicilio; catro, sobre aboamentos; tres, sobre adxudicación do contrato de servizos praza de abastos.

Do 8 de outubro; dúas, sobre xustificación de subvención; unha, sobre aprobación prórroga subvención; unha, sobre limpeza de terreo; unha, sobre adxudicación de inmovible; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de actividade; unha, sobre cambio de titularidade da actividade; unha, sobre orden de execución.

Do 9 de outubro; sete, sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros; unha, sobre concesión de bono natalidade; unha, sobre aprobación do convenio coa xunta de Galicia para a integración da rede de bibliotecas; cinco, sobre liquidación imposto de valor de terreos de natureza urbana.

Do 10 de outubro; catro, sobre liquidación taxa servizo de ext. Incendios, salvamento e outros; catro, sobre aboamentos; tres, sobre fraccionamento de débeda tributaria; dúas, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre concesión licenza de obras.

Do 11 de outubro; dúas, sobre recurso proceso de estabilización de emprego temporal; unha, sobre aboamentos; unha, sobre execución subsidiaria sobre limpeza de montes.

Do 14 de outubro; catorce, sobre liquidación do imposto sobre incremento de valor de terreos de natureza urbana; unha, sobre alta no Padrón municipal de habitantes; unha, sobre limpeza de terreo.

Do 15 de outubro; unha, sobre estabilización de emprego temporal; oito, sobre liquidación do imposto sobre incremento de valor de terreos de natureza urbana; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; dúas, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; tres sobre alta no Padrón de habitantes;

Do 16 de outubro; oito, sobre liquidación do imposto sobre incremento de valor de terreos de natureza urbana; unha, sobre execución de sentenza; unha, sobre licenzas ou permisos de persoal; unha, sobre orden de execución materia urbanística.

Do 17 de outubro; catro, sobre alta no Padrón de habitantes; tres, sobre liquidación plusvalía; trece, sobre prestación de servizos sociais; unha, sobre concesión de vacacións; dúas, sobre bonificación do impostos obre vehículos de máis de 25 anos; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; tres, sobre aboamentos.

Do 21 de outubro; doce, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre servizos sociais; unha, sobre aprobación de gratificación para as festas do Portal, unha, sobre cambio de titularidade de actividade; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha,

sobre permiso de enterramento; unha, sobre nomeamento directora de obra de la biblioteca municipal.

Do 22 de outubro; unha, sobre concesión de vacacións; seis, sobre liquidación plusvalía; tres, sobre alta no Padrón de habitantes, unha, sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación.

Do 23 de outubro; tres, sobre bonificación IVTM +25; dúas, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre concesión de vacacións; nove, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre trienio; unha, sobre aboamento de matrícula do conservatorio; tres, sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros.

Do 24 de outubro; unha, sobre aboamento de subvención a entidades deportivas; unha, sobre denegación de reclamación de responsabilidades patrimonial.

Do 25 de outubro; unha, sobre reclamación taxa de sumidoiros; unha, sobre permiso de enterramento; unha, sobre tarxeta de estacionamento mobilidade reducida; unha, sobre alta no Padrón municipal de habitantes; unha, sobre decreto de venda forzosa; unha, sobre devolución de ingresos indebidos.

Do 28 de outubro; Desestimación devolución de ingresos indebidos; dúas, sobre permiso de enterramento; dúas, sobre trienio; unha, sobre execución de sentencia; dúas, sobre ampliación horario de peche do establecemento; unha, sobre licenza ou autorización urbanística; unha, sobre licenza ou autorización urbanística.

Do 29 de outubro; tres, sobre alta no Padrón municipal de habitantes; tres, sobre concesión de vacacións.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE CONCELLEIRO

PRIMERO.- Tomar conocimiento de la renuncia a la condición y cargo de concejal del ayuntamiento de Ribadavia de don Juan Carlos Fernández Fernández.

SEGUNDO.- Remitir certificación de este acuerdo a la Junta Electoral Central a los efectos de que expida credencial a favor de la siguiente de la lista electoral que debe ocupar su vacante; doña Regina Bahamonde García.

TERCERO.- Facultar al secretario del ayuntamiento para firmar los documentos que, en su caso, sean precisos.

Tomase coñecemento.

.4.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 3/2024.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 24 de outubro de 2024 adoptou o seguinte ditame

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.3/2024 na modalidade de crédito extraordinario, e suplemento de crédito, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

1º CREDITOS NECESARIOS:

- *Suplementos de Credito*

| <i>Partida orzamentaria</i> | <i>Consignación anterior</i> | <i>Aumento que se prop.</i> | <i>Total</i> | <i>Fins</i> |
|-----------------------------|------------------------------|-----------------------------|--------------|-------------------------------------|
| 925-22602 | 12.190,84 | 5.180 | 17.370,84 | Actuacions Praza Abastos |
| 171-22706 | 20.000 | 5.220 | 25.220 | Auditorias Abastecemento-Saneamento |

R E S U M O

Tota credits extraordinarios e suplementos de crédito 10.430
Total créditos necesarios 10.430

IMPORTE TOTAL DA OPERACION..... 10.430

=====

2º.- FINANCIAMIENTO

Para financia-los créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar-los seguintes recursos:

- a) *Con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería.*
- b) *Con cargo a novos ou maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente.*
- c) *Con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo, segundo o detalle que segue:*

| <i>Partida orzamentaria</i> | <i>Consignación anterior</i> | <i>Disminución que se prop.</i> | <i>Total</i> |
|-----------------------------|------------------------------|---------------------------------|--------------|
|-----------------------------|------------------------------|---------------------------------|--------------|

| | | | | |
|-----------|-----------|----------|----------|-----|
| 12003.934 | 10.338,03 | 8.079,22 | 2.258,81 | (1) |
| 12009.934 | 4.701,56 | 2.350,78 | 2.350,78 | (2) |

Total disminución que se propón----- 10.430

(1) *Retribuciones básicas (Salario base) da praza vacante de Tesoureria, correspondente a 9 meses de dotación orzamentaria.*

(2) *Retribución Básica (Paga Extraordinaria) da praza vacante de Tesourerio, correspondente a un mes de dotación orzamentaria.*

=====
RESUMO

- *Cantidade que se utiliza procedente do Remanente Líquido de Tesourería----- 0 euros.*
- *Cantidade que se utiliza procedente de novos o maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente----- 0 euros.*

Cantidade que se utiliza procedente de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo ----- 10.430 euros.

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sometida a votación a moción presentada obtéñese o seguinte resultado: votos a prol, PP, reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez.- Nos imos a abster. É unha ferramenta normal de traballo dos gobernos, o anterior goberno tivo que padecer moitas críticas por usalos. Unha parte da modificación vai para unha subvención, que sería

positiva se se leva a cabo.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez.- Grazas ao público que nos acompaña. Transmitir o noso cariño e pesar á xente que sofre a DANA.

Benvidas sexan todas as actuacións para mellorar a Praza de Abastos. Nos imos a abster.

D José Ignacio Gómez Pérez.-Sumarnos ao pesar polas vítimas da DANA , un día moi difícil con máis de noventa falecidos.

Poñer en valor os servizos de emerxencias, sempre. Cando se intentan desfacer, sexa onde sexa, mala nova.

As modificacións orzamentarias é un mecanismo utilizado en moitas ocasións, cando o utilizábamos como goberno o PP criticaba e pedía contención de gasto. Se engana a colectivos culturais cando se lles decía que non cabían estas modificacións.

Na Praza de Abastos houbo moitas actuacións con gobernos socialistas; nos últimos anos tres , de moito importe económico. Se necesitan máis negocios nese espazo.

A auditoría de abastecemento e saneamento é un mal necesario, a empresa concesionaria coñece perfectamente as deficiencias nese tema.

Levamos un ano sen firmar o convenio coa Xunta para A Grova e As Chavolas, a Xunta lle da a subvención a quen interesa. Falta a segunda fase en San Cristovo, nadie sabe nada de eso.

D Miguel García Domínguez.- O importe da modificación orzamentaria se

detrae da praza de Tesourería. Con ese importe se cofinancian subvencións da Xunta de Galicia; para a auditoria do saneamento, para a obtención da cualificación de mercado excelente para a Praza de Abastos.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado: votos a prol PP (6); Abstencións PSOE (3), BNG (2), RENC (1), fica aprobada.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE OPERACIÓN DE TESOURERÍA, PREVIA DECLARACIÓN DE URXENCIA.

A urxencia é aprobada por unanimidade.

Concertar coa entidade financeira Abanca S.A. un crédito para cubrir desfases transitorios de tesourería por importe de 350.000 euros, coas seguintes características:

- a) Tipo de interés variable : Euribor a 12 meses mais 0,34%.
- b) Comisión de apertura :0%.
- c) Comisión de non disponibilidad :0%.
- d) Comisión de excedido: exenta.
- e) Interés de demora:0,34% por enriba do interes debedor en cada momento do cálculo.
- f) Prazo de amortización:1 ano
- g) Recursos afectados como garantía: A totalidade dos recursos do concello de carácter ordinario non comprometidos por outras operacións de préstamo ou crédito, nos termos do artigo 49 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Alcalde.- Aclarar que a operación de tesourería non está vinculada ao plan de pago a provedores, é a habitual , de todos os anos.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado: votos a prol PP (6); Abstencións PSOE (3), BNG (2), RENC (1), fica aprobada.

6.- . APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA DO IAE..

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 24 de outubro de 2024 adoptou o seguinte ditame

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre actividades económicas nos termos do proxecto que se anexa no expediente.

SEGUNDO. Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

Sometida a votación a moción presentada obténse o seguinte resultado: votos a prol, PP e BNG reservanse para o pleno os membros de ,PSOE e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martinez.-Nos imos a abster. Valorar positivamente unha técnica tributaria que redunda positivamente no concello.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- Preguntamos nas comisions ¿ non se

sube nada aos comercios?

Interventor.- Se reorganiza o imposto, se recupera a compensación da cooperativa, se lle reclama ao Estado a bonificación á cooperativa. Engade unha especificación para a ubicación da cooperativa. Non supón ningún incremento para os negocios.

D José Ignacio Gómez Perez.- Este tipo de medidas xa se adoptaron cos gobernos anteriores. Cando se trae unha cuestión de este tipo , hai que informar mellor, non se reforma o imposto en sí. Recordo que algunha empresa protestou, que se lle explique a cooperativa; implica a moitos cooperativistas e provedores, que se lles explique ben polo goberno.

Os gobernos están para discurrir e reducir a carga fiscal aos veciños. O goberno socialista creou unha taxa aos caxeiros, criticada polo PP, e anos despois o PP implantou a medida en Madrid como se fose algo extraordinario. Agora lle toca a este goberno ser creativo, en ano e medio non o leva feito.

D Miguel García Domínguez.- Agradecer os consellos e o traballo feito polos servizos técnicos do concello. Na bonificación respecto á xeración de emprego non hai ningún cambio.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado: votos a prol PP (6); Abstencións PSOE (3), BNG (2), RENC (1), fica aprobada.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE , DE INSCRIPCIÓN DE ASOCIACIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS MUNICIPAL.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinicola e

Obras na súa sesión de data 24 de outubro de 2024 adoptou o seguinte ditame

Inscribir a ASOCIACIÓN CULTURAL " A ESFARNA DO RIBEIRO" no Rexistro municipal de asociacións de Ribadavia.

Sometida a votación a moción presentada obtense o seguinte resultado: votos a prol, PP,PSOE, BNG reservanse para o pleno os membros de RENC. . Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Ogalla todas as asociacións sexan para traballar.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 24 de outubro de 2024 adoptou o seguinte ditame

PRIMEIRO. Recoñecer a obra " Cabanas do Avia" , expediente municipal 2160/2022,promotor Rubén Rodríguez Castro, a bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal do devandito imposto publicada no *Boletín Oficial da Provincia* número 231

, de data 5 de outubro de 2024,, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SEGUNDO. Notificar este Acordo á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan».

Sometida a votación a moción presentada obtéñese o seguinte resultado: votos a prol, PP,RENC reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. . Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez.- Imos votar a favor. Nos parecen ben estas medidas de apoio, Xa se fixo na anterior lexislatura co hotel que se fixo nos inmobles vendidos polo concello, recibindo as críticas da entón oposición do PP.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- É un proxecto importante para Ribadavia, o informe técnico é favorable. Que teña moita sorte este proxecto.

D José Ignacio Gómez Pérez.-É algo que estas persoas lle propuseron ao anterior goberno.É unha iniciativa valente, parabéns a quen se arrisca e inviste en Ribadavia. Isto é grazas a un goberno socialista que puxo esta bonificación na ordenanza. O PP presume de baixar impostos e cando chega ao goberno fai o contrario.

D Miguel García Domínguez.- Agradecer que non haxa votos en contra. Simplemente é aplicar a ordenanza.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

9.- MOCIÓN RENC PARA QUE O CONCELLO REALICE O ARRANZO E MELLORA DAS RÚAS PROGRESO E RÚA RIBEIRO.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 24 de outubro de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Que o Concello de Ribadavia demande a Xunta a mellora da estrada antiga Nacional 120, da rúa Progreso, Redondela, zona rúa Piñeiral, San Francisco, e zona Estacións.
2. Que o Concello de Ribadavia demande á Deputación o financiamento para a mellora da rúa Ribeiro.
3. Que o Concello poña a funcionar o punto de carga eléctrica de vehículos instalado no anterior mandato, tomando as medidas necesarias para elo.
4. Que se convoque Comisión de Tráfico de maneira inmediata.

Sometida a votación a moción presentada obtéñese o seguinte resultado: votos a prol, PSOE, BNG, RENC reservanse para o pleno os membros de ,PP. . Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martinez.- Concordo co dito por PSOE e BNG, o PP fixo moitas promesas na oposición e agora non as cumpre.

As dúas estradas principais da vila, como capital comarcal , soportan moito tráfico. A Xunta e a Deputación non fan nada e invisten en estradas de outros municipios con moito menos tráfico. O anterior goberno presentou proxectos na Deputación e a resposta foi sempre negativa. O parcheado que fai o goberno non resolve o problema.

Pedimos tamén que se poña en marcha o punto de recarga eléctrica e que se convoque a comisión de tráfico.

D Xurxo Gómez Alonso.- Quero recordar que houbo unha época na que a

política municipal do PP era bachear e poñer farolas. Sempre criticamos esa política. Hai rúas de Ribadavia que parecen de Cuba o Venezuela.

Hai unha incapacidade do goberno para obter axudas de outras administracións. Un ano e medio e nin un asfaltado, despois de tantas promesas de inversións.

Que o goberno faga o traballo de asfaltado e servizos básicos.

D^a Noelia Rodríguez Travieso.- Boa tarde a todos e todas, e ao público que nos acompaña. A Xunta e a Deputación ten que facer o arranxo das estradas de Ribadavia. A Deputación fai unha modificación orzamentaria de sete millón de euros, e para Ribadavia son 50.000 euros para facer proxectos. Hai concellos máis pequenos , con moitas menos necesidades, que reciben cantidades moita maiores.

O arranxo da rúa Ribeiro e da rúa Veronza o fixo o anterior goberno.

A N-120 e a A-52 como dependen do Estado, son as únicas estradas nas que se fan obras. Algúns , sen estar no goberno, nos preocupamos e traballamos para que sexa así.

Nos venden que a lexislatura é moi larga e que todo chegará.

D^a Mariluz Expósito Pérez.- Tomamos nota das demandas e estamos traballando neste tema. Imos votar a favor.

D Brais Fidalgo Martinez.- Que o concello faga forza onde faga falta.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

10.- MOCION RENC PARA QUE O CONCELLO DEMANDE O APOIO DE XUNTA E DEPUTACIÓN PARA UNHA NOVA BASE DO SERVIZO DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 24 de outubro de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Que o Concello lle demanda a Xunta e Deputación o financiamento dunha nova Base Operativa do Grupo de Emerxencias Supramunicipais de Ribadavia, e que substitúa á precaria sede actual, así mesmo, que conteña un espazo propio para a Agrupación de Voluntarias/os de Protección Civil de Ribadavia.
2. Que se adquiran novos aparatos desfibrilador para instalacións municipais, especialmente deportivas, e se realicen cursos para o seu uso correcto por parte de empregados municipais ou persoal dos clubs deportivos.

Sometida a votación a moción presentada obténse o seguinte resultado: votos a prol, BNG,RENC reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , PP. . Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

Alcalde.- Imos a debatir de forma conxunta as mocións 10 e 11 e as votaremos por separado.

D Brais Fidalgo Martinez.- Agardemos que as mocións saian aprobadas por unanimidade.

Houbo unha visita do presidente da Deputación ao concello de Muiños, no Plan de Cooperación lle da 800.000 euros, en parte para unha nave do GES; en Ribadavia seguimos esperando polos 80.000 euros do asilo.

A achega da Deputación é moi inferior á prometida polo PP na campaña electoral

O concello de Ribadavia con recursos propios non pode asumir a nave do GES. Se non hai inversións da Deputación en Ribadavia , que o alcalde deixe a vicepresidencia da Deputación. Que a Xunta tamén colabore. O anterior goberno conquistou un convenio para que se cedera a parte non usada da

estación de autobús. O GES de Ribadavia ten un radio de acción moi superior ao de outros.

D Xurxo Gómez Alonso.- As aportacións de certos servizos , como o GES,son intanxibles; o estamos vendo agora en Valencia. Neste verán en San Cristovo o GES salvou a vida dun neno de 14 anos para que non afogase. Hai que dotalos como se merece ese servizo.

Os demais concellos onde o GES presta servizo deberían aportar, presta servizo en once concellos, a vinte mil habitantes.

D José Ignacio Gómez Pérez.- As dúas mocións están ben fundamentadas. O concello intenta dotar dunha base digna dende fai anos.

Lle intentaron quitar o Grumir a Ribadavia, eu tiven que loitar moito para que non fora así, facer entender a obtusos que Ribadavia cobre de Toén a Ponteareas. Houbo un gran debate social , o Grumir non tiña camiión de bombeiros para Ribadavia.

A Deputación colabora na financiación dos GES, porque a Xunta non apoia os servizos básicos do concello, a financiación é realmente escasa. Hai diferenza nas retribucións dun concello a outro. Nadie se acorda de este tema ata que hai problemas. Se lles cobra as aseguradoras porque hai unha ordenanza no concello que o permite.

Dª Mariluz Expósito Pérez.- É unha demanda totalmente necesaria, un servizo prioritario. Levamos tempo traballando no tema, esperamos ver pronto os resultados.

D Brais Fidalgo Martínez.- Agradecer que saia por unanimidade. É unha demanda de moito tempo. Non é xusto que o pague o concello unilateralmente. Outras administracións financian estas infraestruturas noutros concellos.

D Xurxo Gómez Alonso.- Se a Deputación paga a nave do GES en Muiños, que pague o alugueiro da nave de Ribadavia.
Que se cumplan as mocións que se aproban.

Da a impresión que o anterior goberno conseguía máis subvencións que este.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

11.- MOCION BNG EN DEMANDA DE APOIO DAS ADMINISTRACIÓNS PARA DOTAR DE INSTALACIÓNS APROPIADAS AO GES.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 24 de outubro de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Demandar da Deputación provincial de Ourense fondos para financiar a dotación dunha nova nave para vehículos e material do GES do Ribeiro-Ribadavia, imprescindible para dignificar un servizo que cubre 11 concellos da provincia.
2. Demandar que no novo convenio do GES do Ribeiro-Ribadavia se lle recoñeza por parte da Xunta e da Deputación provincial ao concello de Ribadavia unha dotación orzamentaria e de medios humanos acorde coa extensión do servizo que se presta.

Sometida a votación a moción presentada obténse o seguinte resultado: votos a prol, BNG,RENC reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , PP.
. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

A moción é aprobada por unanimidade.

12.- MOCIÓN BNG A PROL DA REIVINDICACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO E DA NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA A ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA MACHISTA.

A comisión de Política Social, Sanidade e Participación Cidadán na súa sesión de data 24 de outubro de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Instar á Xunta a aprobar e dotar orzamentariamente un plan de reforzo dos recursos e persoal necesario para poder prestar a atención precisa á saúde mental na sanidade pública e dar cumprimento ao mandato de prestar a atención asistencia psicolóxica para vítimas de violencia como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias.

2. Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM.

3. Dotar de persoal público aos futuros centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e garantir a prestación deste servizo desde o sistema público de saúde, con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial, así como a acelerar a súa posta en marcha nas sete áreas sanitarias.

Sometida a votación a moción presentada obténse o seguinte resultado: votos a prol,PSOE, RENC E BNG, reservanse para o pleno os membros de PP. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Unha cuestión de procedemento,non se está cumprindo o regulamento; hai un segundo turno de intervención de todos os grupos.

Alcalde.- Entendí que neste caso non se quería.

Dª Maria Teresa Rodríguez Estévez.- O día 25 de novembro queda como un día para reivindicar, sacar pancartas, pero o contido queda baleiro. A primeira reivindicación foi polo asasinato de tres irmás.Hoxe se segue sufrindo. É un dos problemas máis importantes na vida das mulleres e se

trata de normalizar, de banalizar, debería escandalizar.

Vimos o documental do caso Nevenka e os compañeiros de partido estaban en contra de ela. Hai moitas mulleres asasinadas, non se pode consentir que esas cifras sigan subindo. A atención psicolóxica a muller nestes casos é fundamental, e non a hai.

D Brais Fidalgo Martínez.- Suscribir plenamente a moción. A loita contra a violencia de xénero está en boga grazas ao movemento feminista que arrastra a toda a sociedade. Os que estamos nas institucións temos a obriga de reivindicar: Diario Oficial de Galicia e orzamentos. Trinta colectivos feministas criticaron a Rueda por rebaixar a Secretaria Xeral de Igualdade a Dirección Xeral. Hai que falar de terrorismo machista, que afecta a toda a sociedade. Se os mortos fosen abogados, gardas civís, políticos, a Administración actuaría de outra maneira.

O feminismo destapou o caso Errejón. Hai moitas Nevenkas.

D^a Noelia Rodríguez Travieso.- É moito máis que unha data para colocar unha pancarta, hai que poñer medios e medidas para loitar contra a violencia machista.

Hai partidos políticos como Vox que inflúen en normalizar a violencia contra a muller. Se cuestionan as denuncias das vítimas, as mulleres vítimas necesitan tempo e sentirse apoiadas. O foco sempre se coloca sobre a vítima ,queda moita pedagogía por facer. Dende o PSOE sempre pedimos máis apoio ás mulleres e máis medios.

D^a Mariluz Expósito Pérez.- O problema é moi real desgraciadamente. O movemento feminista foi o que conquistou avances neste tema. A violencia

machista é fruto dun sistema social de patriarcado. Hai que partir da base de que a muller vítima dí a verdade.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

13.-MOCIONS DE URXENCIA.

Non houbo.

14.ROGOS E PREGUNTAS.

Alcalde.- Imos aproveitar a ocasión para escoitar a Roberto Pascual, que vai facer un balance do seu traballo como director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

D Roberto Pascual.- Boa noite e moitas grazas en primeiro lugar ó Alcalde, César, por me permitir intervir e facer balance brevemente neste pleno, ante toda a corporación municipal, como Director saínte da MIT de Ribadavia, a petición propia e co compromiso, coma sempre, da axuda e xenerosa entrega para que a MIT siga sendo un referente actualizado da cultura, acorde á esixencia profesional dos novos tempos. Ribadavia foi e seguirá sendo, territorio de oportunidades. Aquí estarei sempre para colaborar polo ben común de Ribadavia.

En xaneiro de 2009 accedín á Dirección da MIT de Ribadavia. Tiña 27 anos, a experiencia da etapa do teatro universitario e da xestión cultural de dous anos como lector de galego na Universidade Complutense de Madrid, en fin, a escasa experiencia que pode ter un mozo desa idade que, nun breve período de tempo, tería que preparar a 25 edición dun festival central e paradigmático da cultura galega. A aposta era un reto e agradezo infinitamente a quen a fixo, Anxo Collarte, mais tamén a axuda era escasa e seguramente o desexo de que todo fracasase por parte de quen non quereda mudar demasiados marcos, tamén. Non eramos inocentes. As mudanzas foron tranquilas, progresivas e estratéxicas e a 25 edición serviu de celebración, transición e homenaxe a todo un legado histórico. Mocidade non é incompatible con respecto ou sentido da responsabilidade e rigor no seo dunha institución emblemática. Mocidade era firmeza e persistencia. Editouse un libro, en colaboración coa Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, abriuse unha colección para os textos do Premio Abrente na editorial Difusora, mesturouse o novo cos referentes anteriores da historia do festival (coma o simbólico e multitudinario espectáculo inaugural de La Fura del Baus, compañía moi vinculada cos inicios da MIT nos 80) e fóronse dando algunhas pistas da nova aposta da Dirección Artística. A apertura internacional (o traballo de referentes da escena europea coma Rob Tannion de DV8, a actriz portuguesa Beatriz Batarda, o actor inglés Will Keen ou o espectáculo franco-coreano de circo contemporáneo *Blik*), tamén a aposta pola estabilidade e a sustentabilidade (decidimos animar a Cándido Pazó para recuperar e representar *A piragua*, un dos seus textos máis celebrados) e emprendéronse accións diplomáticas que lle deron á MIT o maior orzamento da súa historia nunha época de crise e recortes moi grandes, era o ano 2009.

Ao ano seguinte, co apoio de todas as institucións públicas (que non estivesen todas era unha anomalía incomprensible, por iso decidín solicitar a axuda á Deputación de Ourense e mellorar substancialmente o proxecto do INAEM), sumáronse liñas de

financiamento do Iberescena, do Ministerio de Igualdade, do Instituto Polaco de Cultura, do Instituto Camões e do Europa Creativa, espectáculos sobretitulados (do polaco e co tempo do inglés, do francés, do lituano, do italiano, etc.) ou a primeira das moitas coproducións do festival. Fomos pioneiros en moitas iniciativas que despois nos copiaron e con orgullo. O camiño da transversalidade, da mediación, da xeración de pensamento universitario e debate arredor da escena e da mirada multicultural estaba en marcha. Un festival solvente e sostido con axudas externas, dos poucos proxectos que aínda con esta embegadura, non lle producise case ningún esforzo económico ao Concello. Ó contrario, sempre foi un estímulo económico en termos absolutos e relativos, desde 2009 ata 2024 o ano de maior recadación de venda de entradas, sen subir nunca o seu moi modesto prezo público. A progresividade e solvencia son unha evidencia rotunda da MIT.

En xaneiro de 2025 haberá unha nova Dirección Artística, 16 anos despois dos meus primeiros pasos. Sinto que se cumpriron obxectivos e conviccións. Unha parte da xente sorprendeuse da decisión da miña renuncia, planificada dende hai un par de anos, sobre todo para transmitir non só a solidez do festival, senón tamén unha visión dos dereitos culturais e do sentido democrático da ocupación dun posto de responsabilidade pública coma este, que non debe alongarse nin parasitarse se se asume honestamente ese sentido democrático. Legar o rumbo nun momento esplendoroso, como se puido ler e escoitar, despois da recuperación pandémica, pode ir a contracorrente do común, pero eu son profundamente defensor dos actos de carga ética e simbólica. Os titulares, a fama e os lemas son efémeros, os actos son rotundos. Decidín anunciar a miña saída despois de clausurar a 40 edición cunha coprodución da dramaturga Esther Carrodegua, a quen o festival acompañou dende o nacemento da súa compañía coa estrea do Premio Abrente *Voaxa e Carmín* ata esta coprodución co CDN, xestada nunha residencia previa no festival en 2023, o exitoso espectáculo *Iribarne*. Foi un acto profundamente fermoso, un agasallo da vida. Quen estivo alí puido sentilo.

Acompañar, comprometerse, soste, promover, cooperar, apostar, incidir, coidar, recoñecer, protexer, expandir, divulgar, foron algunhas das tarefas que sempre tiveron na fronte das miñas accións e decisións ao longo destes anos. Rematar así tamén foi un acto moi pensado e en parte, unha decisión colectiva, dun xeneroso equipo que se foi construíndo tamén estes anos, coa mesma entrega e vocación de servizo.

Coordinar equipos, establecer unha estrutura permanente e profesional, dende a Dirección técnica ata a Producción, foi unha tarefa demorada, tamén meditada, en tanto que un dos selos de identidade do festival é a súa dimensión popular, con equipos e artistas de excelencia profesional en harmónica convivencia coa acción voluntaria e a do entregado persoal do propio Concello. A todos quero agradecer a aposta por facer da MIT un exemplo de hospitalidade e xestión recoñecida, dende o Premio Adolfo Marsillach ata o Premio da Cultura Galega. A Fran, Bea, Ainhoa, Blanca, Teresa, Iván, Sonia, Vicente, Rafa, Manu, Chacoto, persoal do Grumir, concelleiras e concelleiros de Cultura, alcaldes e alcaldesa e tamén os profesionais de fóra de Ribadavia implicados, Sheyla, Miguel, Xacobo, Diego, Raquel, etc. Unha gran familia, xunto coa gran cantidade de voluntarios, o crecente número de abonados e visitantes que, en parte, quedará para o recordo no documental *Non vale parar*. Un equipo que, desexo, poida continuar na senda dos mesmos valores pero xa con outro condutor ou condutora á fronte.

O traballo da Dirección Artística, como teño afirmado en moitas aulas e entrevistas, é o deseño estruturado dunha experiencia comunitaria, un traballo de escoita e de observación constante para promover situacións de emoción e reflexión transcendente. Cambiar pesimismo por crítica e resignación por vínculos. É o deseño

dun camiño posible, dunha mirada poliédrica pero coherente, baixo o desexo da inclusión de moitas miradas con diferentes ritmos e expectativas. Non é encher un calendario con eventos. Non é facer por facer. É o dereito que se garante grazas aos dispositivos que se poñen en marcha para que a pluralidade de estilos escénicos nos permitan ler unha postura clara fronte á vida, fronte á realidade do mundo, sen equidistancias, fronte ás desigualdades, fronte ós desexos (ás veces reprimidos) e fronte a certos relatos pouco claros ou directamente falsos dos feitos nunha sociedade hiperestimulada e coa crenza de estar moi informada.

A Dirección Artística pode contrubuír a mellorar o sistema de valores dunha comunidade e que esta sexa máis tolerante á innovación das linguaxes artísticas e polo tanto máis esixente. A calidade artística e técnica expandida por parroquias e novas localizacións medrou para unha crecente cantidade de público en lugares fermosos da contorna, miradoiros, na beira do río ou en paisaxes acordes co ton do espectáculo e do tipo de encontro que propón a temática e o seu tratamento na peza, de Francelos á Franqueirán, da Veronza a Sampaio.

Pero as redes e a chamada á mirada externa tamén é importante. Reflexionamos sobre o sentido da periferia, experimentamos esa mirada e quixemos intervir no relativismo do concepto. Un festival que foi definido como o Avignon galego (Raquel Vidales no periódico *El País*) era escasamente recoñecido en 2009, sen redes de colaboración con institucións homólogas e afinidades artísticas con outras institucións culturais de Portugal, de España e Latinoamérica. Ser coñecida, pero sobre todo, recoñecida, a MIT como valor, fóra das lexítimas e ás veces inoportunas opinións de bar, fóra de certas estratexias partidistas ou de demostracións autoritarias froito de complexos ou intereses alleos dende logo a unha Mostra como patrimonio vivo e colectivo. A MIT sempre estivo á marxe de tendencias e estilos políticos de temporada, a súa política sempre foi a liberdade, os dereitos e o rigor.

Non quixemos tampouco sumar por sumar, crecer por crecer, encher con palla e botar por fóra. O valor e a calidade sostense na resistencia da acción convencida do detalle, da esixencia que non sucumbe ás palabras bonitas sen fondo de accións esforzadas, da innovación, da alternativa a esa visión turística masificadora, fuxindo da apatía, da inercia e da servidume burocrática, a banalidade do mal, en palabras da filósofa Hannah Arendt. Pola contra, nós decidimos apostar pola Ribadavia sincera, esperta, esixente, vibrante: diversificar, experiementar, abrir e arriscar, sen privilexios nin imposturas.

Houbo coberturas de divulgación diversa máis alá ou lonxe da propaganda. O noso compromiso non era coa competitividade ou a insolidaridade ou o egoísmo. Os que facemos ou fixemos a MIT conxugamos outros verbos que teñen que ver coas colaboracións e cos cruzamentos con entidades da cultura de proximidade (o Arteficial, A Lira, Teatro do Vilar, o Club Artístico, a Festa da Istoría ou a Aula Municipal de Teatro que a tan altas cotas de profesionalidade e valor levou a actriz e veciña Rosa Puga e que lamento non continúe) ou con propostas de actividades que traspasasen a temporalidade do evento con organismos coma o Consello da Cultura Galega, Acción Cultural Española ou a SXPL, mesmo premios e congresos con materiais valiosos como a publicación na editorial Galaxia, nos *40 anos daquela Abrente*, dos textos (algúns inéditos) daquelas xornadas e concursos teatrais dos anos 70.

En conclusión, a práctica, con moita observación e ambición por incorporar á dimensión profesional da xestión cultural en Ribadavia o que levaba funcionando en prestixiosas institucións artísticas de países con máis longa tradición, así como a propia experiencia, foron alimentando o deber da defensa da Dirección Artística como perfil profesional estable, necesario e digno. Espero que así siga sendo no futuro. Unha tarefa

digna e recoñecida, profesional, non precaria, para que siga aportando, porque a MIT aporta moito, sitúanos en moitos mapas, estimula á sociedade, non só a uns escollidos, apórtanos a todos e todas aínda que non o vexamos ou non queiramos velo. Aporta no curto e no medio prazo. Aporta dentro e fóra. Aporta no económico e noutros valores esenciais en democracia.

Todo se pode construír con esforzo e constancia, con profesionalidade, con respecto, con elegancia, todo se pode mudar para mellor e pouco se pode inventar, pero si acomodar, evolucionar, pero tamén destruír. Hai, desgraciadamente, moitos exemplos e formas de destrución de bens comúns, algúns moi cercanos e que non continúan, proxectos coidados por tantas mans. Non todo é igual. Destruír é fácil, sinxelo e barato. Por iso remato desexando e comprometéndome a colaborar sempre no futuro esixente e profesional deste baluarte cultural que ten Ribadavia, tamén coas futuras Direccións Artísticas da MIT, punto medio e clave para seguirmos avanzando na calidade do asunto público, na igualdade entre as persoas, no estímulo social e económico do noso territorio e nos dereitos culturais de toda a xente.

Foi un orgullo traballar nun servizo público para unha Ribadavia e unha cultura galega mellor. Grazas a todas e todos.

D Brais Fidalgo Martinez.- É emocionante para mi dirixirme a Roberto, o seu percorrido como director da Mostra foi emocionante e honesto. Se experimentou unha gran mellora na MIT, deixas unha pegada inconmensurable. A sociedade vai a manter a chama do teatro en Ribadavia. Noutros lugares con máis orzamento se copia o teu traballo. Eres un ribadaviense máis. Grazas.

Dª Maria Teresa Rodríguez Estévez.- Xa cho teño dito en persoa. Te vas porque queres, para nos non é boa nova. A persoa que apostou por ti sabe que mereceu a pena. Grazas polo teu traballo , moi satisfactorio para a MIT e para Ribadavia. Espero que as túas propostas sexan tidas en conta para a nova etapa.

Eres un exemplo de honestidade, humildade e compromiso , como profesional e como persoa. Deixas unha profunda pegada no corazón dos ribadavienses.Grazas de todo corazón.

Dª Noelia Rodríguez Travieso.- Como xa che comentei en privado, darte as grazas. Pusiste a Ribadavia no mapa a nivel internacional. A Mostra experimentou unha enorme evolución contigo.Graza polo teu traballo e polo aprendizaxe contigo.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Como alcalde tiven a honra de traballar contigo. Suscribo o que se dí de ti como persoa: gran persoa, afable e con quen se pode dialogar.

Como director da MIT chegaste nun momento complicado, traballaste con tres alcaldes socialistas, Tiveste todo o apoio de eses alcaldes. Que unha persoa de Carballiño viñese a substituír a unha persoa con fonda pegada en Ribadavia era complicado. A desconfianza pronto se transformou en confianza.

Amosaste unha gran profesionalidade, instaurase os convenios de colaboración estables no tempo, que eran moi necesarios. Conseguieste unha gran estabilidade. Foron 16 anos moi fructíferos na MIT. A túa decisión non é boa nova. Che levas o agradecemento de moitos veciños.

Alcalde.- Eres un ribadaviense máis, estiveste moitos anos dando o mellor de ti para que os demais disfrutemos. Conseguieste facer moi fácil o que era moi difícil. Foron os anos de impulso definitivo da MIT , para ser un evento cultural de referencia en Galicia.

Nos concellos , en ocasións, hai que tomar decisións complexas, contigo sempre era fácil, facías que non houbera problema.

Agradecer este proceso final, sempre colaborando e facilitando. Sempre dixeches que serías unha persoa activa no proceso de sucesión, é moi de agradecer.

A palabra compromiso te define. Grazas polo teu traballo e compromiso. Co paso do tempo aínda se vai a valorar máis o teu traballo.

D Roberto Pascual.-Agradecer moitísimo o recoñecemento e afecto, o percibo pola rúa.Sempre seré un embaixador e persoa orgullosa de Ribadavia. Estou disposto a colaborar coa nova dirección. Honestidade e rigor no traballo é o meu legado, para que lle sexa fácil ao que veña.

A MIT tiña un plantexamento claro, a cultura ten que ser transformadora, ser unha exposición de cultura e de liberdade, un factor de integración. Para min foi un orgullo, espero que os próximos capítulos sexan moi fructíferos, contades coa miña colaboración sempre que se precise.

D Brais Fidalgo Martinez.- Reiterar as queixas veciñais polo ruído nocturno.debe convivir o dereito o descanso dos veciños coa actividade dos establecementos, hai que facer cumprir a norma.

Vou a reiterar unha frase de Roberto Pascual: A cultura non debe ser entreter, debe ser enriquecer. No anterior pleno houbo un debate prolongado sobre a continuidade da directora da Escola de Teatro. ¿ Cal é o nivel de matrícula na escola de teatro? Unha terceira parte do que había antes. A decisión tomada foi un erro. A concelleira de cultura nun espazo público atacou a Mostra Internacional de Teatro, a Aula de Teatro e a outras asociacións, en público. Pedimos que se disculpe e que o alcalde asuma a área de Cultura.

Preguntamos polo tema de Prexigueiro, houbo un despido dun traballador que foi candidato nunha lista democrática. O alcalde ten que intervir e intermediar no conflito.

Preguntar se hai unha estimación do que vai a custar a RPT ás arcas municipais.

Que se lle pida á Xunta que reforce o servizo de pediatría.

Nunca estivo peor o paseo do río, que se fagan arranxos e se retiren as polas do leito do río.

Alcalde.- Tomo nota dos rogos.

Pasarei os datos da aula de teatro por escrito.

Faremos o noso papel na asociación do Prexigueiro. O tema do traballador o falamos fóra do pleno por respecto a súa intimidade.

A relación de postos de traballo se está rematando, terán coñecemento porque ten que vir ao pleno.

Defender e recoñecer o traballo da concelleira de Cultura, é moi bó, o hai que destacar. É un traballo intachable e se o agradecemos.

D Brais Fidalgo Martinez.- A miña valoración se parece pouco á que fai o alcalde. Houbo unha intervención en público desafortunada da concelleira. ¿ Non sei se lle parece ben esa intervención? Debe pedir desculpas.

D Xurxo Gómez Alonso.- Preguntar ao alcalde se se vai a pronunciar sobre esas palabras da concelleira de Cultura. Preguntar pola matrícula e o que se vai recadar coa Aula de teatro, ao final vai a saír máis caro que antes. Toda a que se armou para que ao final saia máis caro que actuando como quería a xente.

En febreiro se aprobou unha moción para incluír ao concello no plan alugueiro, preguntar como está o tema.

¿ vaise cobrar pola recollida de enseres?

¿ Cómo está o tema da residencia de maiores?

Alcalde.- Na residencia de maiores se está avanzando, pronto haberá noticias.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez.- As obras da biblioteca van a durar bastante tempo, se podía ubicar en outro lugar no transcurso.

Preguntar polo polígono empresarial, as parcelas vacantes na segunda fase, e en que situación está a terceira fase.

Preguntar pola ponte da Veronza e o campo de fútbol.

Darlle a benvida á nova concelleira e desexarlle boa andadura.

Alcalde.- No parque empresarial hai unhas parcelas pendentes dun recurso administrativo, antes de saír a subasta.

A terceira fase está pendente dun estudo hidrolóxico.

A obra da biblioteca non se fixo no verán por tema de subministro de mobiliario.

O campo de fútbol non hai queixa ningunha dos usuarios.

D Luis Gulin Iglesias.- Na ordenanza do imposto de actividades económicas, hai que adaptar o artigo 4 f) fala de minusválidos.

Alcalde.- Si.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Ao levar as redes do concello hai que ser rigurosos, é unha administración pública; hai vetos e borrados de comentarios, incluso de partidos políticos. A utilización do watsap é para informar aos veciños, non para dar noticias sesgadas para dañar a outros grupos políticos. Rogaría que houbera institucionalidade. O mesmo cos anuncios do concello ,non hai lealdade con outras administracións.

Ao acto na Praza de García Boente non fomos invitados, os fondos que financian son do goberno central ,non da Xunta. Hai que nombrar a quen dota a inversión.

Sumarme ao rogo sobre Prexigueiro. O tema leva moitos meses, faga o seu traballo ou se vai a enquistar.

O pobo baixa de 5000 habitantes, o Ribadavia atlético desaparece, A Lira en problemas, se viñeron a esto mal vamos. Isto non se arranxa o último ano, hai falta de liderazgo.

As manifestacións da concelleira de Cultura non son apropiadas.

E sendo as dez horas e cincuenta minutos a presidencia levanta a sesión.